Contarte
MES DA ARTE E A LITERATURA INFANTIL

Qontextos: A realidade no álbum ilustrado

CONFERENCIA

Instituto Municipal de Educación (IME). Camiño do Chouzo, 2
Mércores**, 23 de marzo** de 2011 ás **19.30 h**
Público obxectivo: educadores, bibliotecarios, ONG´s,
organizacións sociais, sindicatos, CEFORE´s

- Participan

Laura López Atrio, Concelleira de Educación do Concello de Vigo
Chené Gómez, ilustrador e director da ONGD Creart
Eva Mejuto, de OQO editora

CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN

CREART

OQO editora

Os contos son os que, de xeito simbólico, fan que nenos e nenas coñezan os seus sentimentos, a súa identidade e o mundo que os rodea. No caso da colección Qontextos de **OQO editora**, a finalidade de achegarlle o mundo ao público infantil ten un reto aínda maior: realizar a transición da marabilla e a fantasia ao mundo real, no que a vida ten as súas propias normas e as historias non sempre acaban cun final feliz. A inxustiza, a guerra, a morte, a discriminación… forman parte dun contexto que existe e que afecta, máis directa ou indirectamente, ao día a día da poboación infantil do planeta.

Desde unha óptica esperanzadora, Qontextos busca ser unha ferramenta para que docentes e familias aborden temas como a emigración, a enfermidade…
Nesta conferencia analizaremos álbums como *Fume, Caixa de carton* e *Á sombra dos anacardios* desde distintas perspectivas: o seu proceso de creación, a realidade á que fan referencia e as súas aplicacións didácticas.

Arte e conflito

É a través do traballo artístico que as persoas desenvolven habilidades como a constancia, a creatividade e a autoestima, indispensables para a paz.
A arte é unha ferramenta para comprender a realidade, un instrumento que permite examinar e cuestionar os fenómenos que nos rodean e contribuír a construír "visións" e "versións" alternativas non só ante experiencias cotiás, senón tamén fronte a realidades diversas.
Con esta perspectiva desenvolve a súa actividade a **ONGD Creart**, que utiliza a arte como ferramenta educativa para traballar en situcións de conflito.
Nos Territorios Ocupados Palestinos ou en Senegal **Creart** traballa co obxectivo de que nenos e nenas aprendan diferentes xeitos de expresion, linguaxes e procesos creativos no camiño de fomenta a imaxinación e a autoestima.

ilustración: Hassan Amekan